CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretación correcta de dúas obras propostas.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretación correcta de dúas obras propostas.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Planificación e execución correcta de dúas obras propostas.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Planificación e execución correcta de dúas obras propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos entre outras épocas e a actualidade.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar unha actitude respectuosa na escoita ou visionado das propostas musicais da unidade.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características histórica e contextos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de graffías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Outras músicas. Música e tecnoloxías.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.	TI	100
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza do patrimonio galego.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Participar con acerto nas propostas para esta unidade.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Participar con acerto nas propostas para esta unidade.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretación correcta de dúas obras propostas.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Desenvolver con creatividade propostas artístico musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con acerto nas propostas da unidade.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Os principios metodolóxicos concretos para a materia de Música serán como segue ao desenvolver as tarefas de cada unidade:

Os contidos da materia de música a este nivel son artellados en torno a dous eixes principais :

Percepción e expresión, vinculados á súa vez, e de xeito directo á adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadáns.

A partir desas dúas áreas principais, os contidos están distribuídos en catro bloques : Escoita ,directamente relacionada co eixe de percepción, Interpretación e Creación , ligada á expresión, Contextos musicais e culturais, directamente relacionados coa percepción e da expresión e finalmente o bloque das TIC.

O libro de música de 3º curso da ESO ten unha metodoloxía específica común ao longo da etapa que se manifesta na súa estrutura e contido no libro do alumno dividido en 12 unidades. Cada unha delas artéllase en seis apartados :

Linguaxe musical onde se desenvolven os contidos teóricos da unidade acompañados de actividades prácticas, tamén en soporte audiovisual e TIC.

Historia da Música onde se traballan os diferentes períodos nos que se divide a historia da música occidental (Antigüidade, Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo e os diferentes movementos do século XX), así como o seu desenvolvemento en diferentes medios como o cinema, a radio, a publicidade e a danza, ademais de prestar atención a tradicións tan novas como o jazz e o rock.



En Audición inclúense exemplos de músicas actuais que pertencen a estilos e manifestacións culturais moi diversas (cinema, danza, etc.) que, por algunha característica formal, tímbrica, conceptual, etc., manteñen unha relación directa co período artístico estudado.

Atoparemos tamén neste bloque materiais auditivos, audiovisuais e interactivos cos que o alumno ou a alumna poden aplicar os seus coñecementos sobre o jazz, o rock, a historia da música ou a do cinema.

En Práctica instrumental reproducécese unha ou varias partituras de obras relacionadas directa ou indirectamente cos contidos traballados e que se complementa coas partituras de material fotocopiado aportados la profesora.

Música moderna e actividades propón audicións e exercicios de informática musical para os que deberá traballarse con programas de edición de partituras, manipulación e edición do son, caixas de ritmos e mesmo secuenciadores online.

Na parte final de cada unidade hai unha serie de actividades que permiten avalialos contidos traballados pero ademais, como se apuntou máis arriba, o alumno dispón dun caderno que supón un seguimento de actividades para cada contido de cada apartado.

Para o tratamento destes contidos séguese unha metodoloxía específica que promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que posibilitan :

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, con claridade, de forma concisa e estruturada, para favorecer a súa comprensión.
- Prácticas sinxelas que reforzan a comprensión de determinados contidos.
- Síntese que permiten aos alumnos identificar os contidos esenciais, estruturalos e organizalos en mapas conceptuais.
- Actividades diversificadas (aplicación, comprensión, interpretación e traballo en equipo, traballo e reforzo de valores, TIC, audicións guiadas, interpretacións vocais e/ou instrumentais, análises e recoñecemento de formas, elementos da linguaxe musical, comentarios de textos musicais), secuenciadas por niveis de dificultade e que facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.
- Detección de ideas anteriores sobre os conceptos da unidade.
- Fomentar audicións de escoita activa e desenvolver a memoria auditiva para discriminar os pulsos e acento natural dunha obra musical.
- Desenvolver formas de expresarse corporal vocal e instrumentalmente.
- Estimular a improvisación melódica e rítmico-coporal.
- Exposición de contidos ( torbellino de ideas, ideas contrarias¿) polo profesor.
- Actividades que permitan estimular a experienciamusical a través da participación na interpretación instrumental.
- Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das audicións propostas.
- Procurarase fomentar a participación do alumnado na clase, afirmando a confianza e o respecto cara ás interpretacións musicais e ás audicións, individuais ou en grupo.
- Traballo dos contidos con apoio de exercicios, caderno de clase, traballos de documentación e identificación, facendo conta da ortografía correcta, dun léxico adecuado, dunha escritura técnica e correcta dos signos musicais.
- Na area de música dedicaremos un espazo importante a contidos procedimentais e actitudinais, dada a natureza practica da materia , non descartando o traballo de contidos conceptuais, tamén presentes , cando sexa necesario.
- Presentaremos a materia favorecendo a participación do alumnado con preguntas que leven sempre a fomentar a curiosidade.
- Completarase o reparto con actividades de audición, comentario de texto, de partituras, de prensa e crítica musical.
- Aproveitaránse para a aprendizaxe os acontecementos musicais do contorno. A investigación musicolóxica, e deste xeito, outro dos procedementos empregados, xa sexa esta de campo ou biblioteca.
- Escritura e lectura musical, audición activa e comentario de partituras sobre audición, comentario de textos musicolóxicos, improvisación melódica, rítmica e psicomotriz, canto individual e coral, interpretación musical, elaboración de mapas conceptuais e elaboración e interpretación de mapas históricos, investigación de campo , exposición e expresión oral , utilización dos medios instrumentais e audiovisuais.
- Favoreceremos asimesmo a interdisciplinabilidade nas actividades con outras áreas, como a colaboración do Departamento cos departamentos de Língua Galega, Biblioteca e outros departamentos , así como a participación musical naquelas actividades derivadas da nosa contorna e propostas polo concello.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula
Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro e EDIXGAL
Programa de edición de partituras
Materiais do Repositorio Abalar
Programa edición de audio

A materia de Música volve ser impartida na súa aula de referencia, existe aínda a obriga de desinfectar todos os materiais que se lle ofrezan ao alumnado pero a práctica ensino-aprendizaxe da materia cambia positivamente. Actualmente o alumnado trae o seu propio instrumento, fruta, ukelele ou/e melódica. Seguen a aportarse partituras puntualmente, emprégase libro de texto EDIXGAL e caderniño e os CD audio da proposta didáctica da editorial para 3º ESO.

No caso de ensino semipresencial e non presencial serán os que seguen:

\*Aula Virtual habilitada na páxina web do centro.

\* Libro de texto e caderniño,

\* Páxinas web interactivas e multimedia.

\* Material de audio e vídeo.

\* Correo electrónico.

A aula está dotada dos seguintes materiais:

- Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión.
- Piano.
- Guitarra.
- 6 ukeleles soprano. 1 ukelele de concerto.
- 6 melódicas.
- Canón de vídeo.
- Ordenador.
- Micrófono inalámbrico.
- Cadena Música.
- Taller de radio instalado na biblioteca do centro como premio polo Plan Proxecta de Innovación educativa que lle foi concedido ao grupo de traballo no curso 2022-23, cuxa coordinadora é a Xefa deste Departamento.

Na Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con

esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

Especial atención debe dársele á avaliación inicial. Será suficiente con dedicar o mes de outubro a repaso da lectura e signos da grafía musical e audición. Con insistencia en segundo de ESO na audición e lectura de ritmos e melodías. Sempre, para este nivel, partiremos do grao de coñecemento do alumno ( que saberemos tras facer a enquisa escrita de comezo de curso para todos os niveis) de xeito que a nova aprendizaxe medre dos contidos, representacións e coñecementos que construíu o alumno no transcurso de aprendizaxes previas. Así mesmo comezaremos a desenvolver os contidos do curso nunha panorámica xeral a partir de cada unha

das preguntas da enquisa. É importante ter en conta os gustos e preferencias do alumnado en canto a tipo de música que escoita habitualmente, ben para ampliála, ben para chegar dende esta, a outras que aínda non coñece, esta dinámica é o eixo do que parte a metodoloxía na materia de Música. Estas preguntas faranse de forma anónima e ocuparán a primeira semana do curso, arroxando luz na decisión de que metodoloxía precisa e contidos traballar e/ou repasar primeiro. Adxúntase a continuación a enquisa.

Dpto de Música. Inicio curso 23-24

1 -Que tipo de música escoitaches máis a miúdo este verán?

2- Que tipo de actividades realizaches relacionadas coa música estas vacacións?

3 - Cres que tivo moita importancia a música na tua vida estas vacacións? Por que?

4-Comenta algún feito musical que te sorprendera , algún tipo de música que non coñeceras?

5-Asistencia a concertos/ musicais/ óperas. Comenta si asistiches a algún: tipo de artista/s, calidade do directo, posta en

scena, valoración persoal ?

6-Poderíamos vivir sen música? Razoa a resposta

7-Que é unha figura? E unha nota?

8-Gustaríache participar nun coro ou formar parte dun grupo de música ? Nese caso de que tipo.

9-Escolle un tipo de música dunha parte do mundo e coméntaa.

10- Qué entendes por Música clásica?

11- Qué tipos de danzas / bailes coñeces?

12-O ruído dun tren cando pasa? é música? Razoa a resposta.

13-Ten algo que ver a literatura, a poesía coa música? Razoa a resposta.

14- Importancia da música no cine.

15- Afecta a música nos nosos sentimentos e comportamentos? ? Por que cres que isto sucede?

16- Que entendes por música pop, rock, folk?

17- Importancia da música no baile.

18- Tipo de programación musical que viches na tele ou escoitaches na radio este verán.

19- Que é unha banda?

20- Tocas algún instrumento, ou che gusta cantar ?

21-Podes asumir a compra dun instrumento melódico ( Kalimba , ukelele, frauta doce ou melódica) entre 30-40 Eur?

22-Que pensas que che pode aportar esta materia?

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	30	40	30	30	15	0	<b>29</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	70	60	70	70	85	100	<b>71</b>

### Criterios de cualificación:

A nota da primeira, segunda e terceira avaliación será o resultado de sumar as porcentaxes que se detallan para cada estándar: un 70%- 7 puntos- probas teóricas, escritas ou orais a determinar segundo a marcha e incidencias do curso e grupo, 20%- 2 puntos- práctica instrumental, e un 10% para audición e /ou outros traballos escritos ou orais do alumnado se os houbera, dependendo do desenvolvemento dos contidos de cada trimestre no tempo establecido. Considerarase superada a avaliación se o alumno acadada como mínimo un 5 final das devanditas probas.

Para promocionar a materia, en terceiro curso é necesario acadar como mínimo unha puntuación dun 5 na nota final da avaliación en xuño, resulta da suma aritmética das notas finais de cada avaliación.

Para recuperar a avaliación do ano escolar en curso será necesario acadar como mínimo 5 puntos das probas escritas similares ás non superadas no trimestre anterior. Cada avaliación recupérase na avaliación seguinte, segundo os mesmos mecanismos e criterios de cualificación que para a avaliación anterior, e sempre segundo a disposición horaria que estableza a profesora. Unha vez superada a avaliación a última nota acadada do exame de recuperación fará media no cómputo total para a avaliación ordinaria de final de curso no mes de xuño.

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación para as probas que determinen as notas finais, serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 70% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo algunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 20% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, redondearase ou axustarase seguindo os criterios de participación, cratividade e actitude diarios en clase anotados para cada alumno no caderno da profesora.

### Criterios de recuperación:

Para recuperar a avaliación do ano escolar en curso será necesario acadar como mínimo cinco puntos das probas escritas similares ás non superadas no trimestre anterior. Cada avaliación recupérase na avaliación seguinte, segundo os mesmos mecanismos e criterios de cualificación que para a avaliación anterior, e sempre segundo a disposición horaria que estableza a profesora. Unha vez superada a avaliación a última nota acadada do exame de recuperación fará media no cómputo total para a avaliación ordinaria de final de curso no mes de xuño.

Para superar a materia pendente deberase acadar un 5 dos traballos escritos presentados trimestralmente, e un 5 restante (opcional) da proba escrita ou oral, se fora necesario, segundo determine a profesora en función da calidade dos mesmos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para os alumnos coa materia pendente de segundo, ofertarase a posibilidade de facer unha proba escrita en febreiro ou maio (sempre condicionadas ao horario dispoñible) ademais dun seguimento da materia a través de traballos mensuais correspondentes a cada unha das unidades tratadas nun trimestre. Estas tarefas serán entregadas todos os meses no Departamento e corrixidos polo profesor/a do alumno/a da materia no curso presente.

Convirase un dos recreos semanais para ter aberta a aula de música con esta finalidade de entrega de fichas de repaso e consulta de dúbidas.

Naqueles casos que se necesite, establecerase d'acordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
  - REFORZO: fichas fotocopiáveis con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos e facilitar ao alumno que o requira a adquisición das competencias básicas.
  - PROFUNDIZACIÓN: fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.
  - PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros e de minorías, necesidades educativas especiais e sobre dotación).
  - ACTIVIDADES MULTINIVEL: posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo-clase pode estar a analizar

auditivamente obras de diferentes épocas . Un grupo de alumnos pode encargarse de identificar a época á que pertence cada obra, outro grupo o estilo, e outro os instrumentos que participan na interpretación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso.	X		X
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.		X	

### Observacións:

Do mesmo xeito que ven acontecendo dende hai anos, previos á pandemia, o Departamento pretende que a materia de música teña presenza activa na vida do instituto, non só como unha materia que completa a formación do alumnado xunto coas demais materias se non como espazo de entretemento fóra do horario escolar , gracias ás actividades extraescolares isto foi posible. Así pois este ano de novo está previsto organizar un grupo instrumental/vocal con alumnos/as dos cursos da ESO. Estes grupos teñen previsto actuar nos actos e celebracións do centro ( gradacións dos alumnos de bacharelato, Letras galegas, Entroido...etc.) con este fin establecerase un horario de ensaios nos recreos semanais e polas tardes nas actividades extraescolares se fose necesario. Estes grupos actuarán nos festivais de Nadal e fin de curso, e naquelas actividades que se realicen no concello con participación musical de centros escolares.

- Está prevista a asistencia concertos didácticos no Auditorio de Santiago , a viaxe a Coruña para ver ópera no Pazo, ou actuacións musicais no Coliseum.

- Lembrar que no tempo de lecer, a aula de música é " visitada" por todos/as os que queren tocar algún instrumento, escoitar música, recibir clases de apoio instrumental ou calquera tipo de actividade que se relacione coa música. Os horarios destas clases de apoio quedaran establecidos durante dous dos recreos da semana e serán sempre supervisados pola profesora.

-Queda aberta tamén a posibilidade de traballar cos departamentos de Galego e Educación Física, como ven sendo habitual .

- Visitas a museos, cines, teatros ( opera, ballet, danza..) traballos en biblioteca , creación e participación en agrupacións musicais.

- Visita a Celanova para asistir a un concerto de órgano no Mosteiro de San Salvador e posterior taller do mesmo instrumento.

\_ Este curso estase a desenvolver a cargo da Xefa deste Departamento, coordinadora de Dinamización Lingüística, o taller de teatro, con especial atención ao traballo de percusión nunha das obras a interpretar. Esta obra en concreto forma parte das actividades do Proxecto de innovación educativa en Dinamización Lingüística premiado pola Xunta de Galicia o curso pasado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado

Metodoloxía empregada
Mal ou non acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regular ou mellorable

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

O traballo do profesor pode e debe ser valorado polo seu alumnado na procura de melloras. Estas son as posibles rúbricas que o profesor ó final dun trimestre ou ao final de curso pode propoñer ao seu alumnado para que arroxen luz sobre a orientación da práctica ensino-aprendizaxe.

### INDICADORES VALORACIÓN SI ou NON PROPOSTA DE MELLORA

1- Corrixo e explico de xeito habitual os traballos e as actividades dos alumnos e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.

2- Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.

3-Realiza a avaliación inicial ó comezo de curso para axustar a programación ó nivel dos estudantes.

4-Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.

5-Proporciona información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.

6-Emprega suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos

7- Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.

8- Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.

9- Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.

10- Emprega diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.

11- Emprega diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e ós pais.

12- Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...

13- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, si é posible cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorios, pon exemplos..

14- Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.

15- Optimiza tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

16-Emprega apoio audiovisual ou doutro tipo para os contidos de aula.

17- Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos



alumnos.

18- Desenvolve os contidos de xeito ordenado e comprensible para os alumnos e plantea as actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.

19- Presta atención ao seu alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións

20- Os contidos resultaron interesantes e así o manifestou o alumnado.

21- A explicación didáctica é comprensible estimulante.

22- Enumera as dificultades.

23- Aspectos que botaches en falta.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

### **ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESULTADOS ACADÉMICOS**

#### **PROPOSTAS DE MELLORA**

Preparación da clase e dos materiais didácticos

Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.

Existe unha distribución temporal equilibrada.

Adecuase o desenvolvemento da clase con las características do grupo.

Utilización metodoloxía adecuada

Tivéronse enconta aprendizaxes significativas.

Considerouse a inter disciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).

A metodoloxía fomenta a motivación e desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

Regularización da práctica docente

Grao de seguimento dos alumnos.

Validez dos recursos empregados na clase para as aprendizaxes.

Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores.

Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?

- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

-Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Avaliación das aprendizaxes e información que delas se lle da ós alumnos e ás familias.

Os criterios para una avaliación positiva atópanse vinculados ós obxectivos e contidos.

Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

- Ós alumnos.

- Ás familias.

Adóitanse medidas con antelación medidas para a atención á diversidade para coñecer as dificultades de aprendizaxe.

Ofrécese resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.

Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo ós informes psicopedagóxicos.

## **9. Outros apartados**

### **1. Taller de teatro**

O departamento de Música coordina e dirixe os talleres de teatro do centro os mércores pola tarde. Este curso con especial atención ao traballo de percusión nunha das obras a interpretar no marco das actividades do Proxecto de innovación educativa en dinamización Lingüística, proxecto que foi premiado o curso pasado.